

# Galicia Encantada



ANIVERSARIO  
2005 \* 2025  
Enciclopedia de Fantasia Popular de Galicia

## Fauna

### *Buxato*

Ave de rapina diúrna de cor cinsenta ou parda e rabo curto, que se alimenta de roedores e paxaros pequenos. Tamén se coñece como bexato, lamego, lamote, miato, miñato, peneireiro...

Os nenos dinlle cantando:

- Buxato, buxato, que levas no papo?
- Levo leite mazado.
- Quen cho mazou?
- María de Miou, que por aquí pasou cunha manta cuberta e un cagallón na testa!

[Ribeira de Piquín, Otero, 1977]

## BIBLIOGRAFÍA

OTERO, Anibal, «Vocabulario de San Jorge de Piquín», Verba, Anuario gallego de Filología, anejo 8, Universidade de Santiago de Compostela, 1977.

## COMENTARIOS ENVIADOS

- Miñado, miñado, que levas no papo?
- Torta de millo e leite trallado.
- E quen cho trallou?
- Sabel de Leirado.

(Láncara)

Enviado por Vicente Ferreiro López o 29/05/2017 ás 22:22:06